



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5 A - 4º  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tef.: 981 546 579 - 981 546 221 - 981 540 097  
Fax: 981 546 569 - 881 997 599  
Correo electrónico: dxal@xunta.es

galicia

***Resolución do 14 de marzo de 2013, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se presta conformidade ás adhesións solicitadas polas Entidades Locais de Galicia que figuran no anexo desta resolución, ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia***

En data 13 de xullo de 2010 asinouse Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase o marco polo cal as Entidades Locais poderían asinar a súa adhesión.

En data 13 de outubro de 2010 asinouse addenda ao referido convenio polo que se ampliaba o prazo de adhesión ata 31 de marzo de 2011 e posteriormente mediante prórroga de data 29 de marzo de 2011 ata o día 31 de decembro de 2011 e nova addenda de data 27/12/2011 ata 31/03/2012.

A cláusula décimo sétima establece a existencia dunha comisión de seguimento, que comprenderá, entre outras, a conformidade ás posibles adhesións ao presente convenio que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no Anexo IV deste convenio, sen prexuízo de que, mediante acordo desta, poida delegar a devandita competencia nalgún ou algúns dos seus membros.

A devandita comisión de seguimento, segundo consta na acta remitida pola secretaria da comisión, na súa reunión de data 14 de decembro de 2010, acordou delegar a autorización das adhesións no director xeral de Administración Local.

En data 27 de abril de 2011, emitiuse unha primeira resolución pola que se prestaba conformidade as solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas ata marzo de 2011.

En data de 29 de xullo de 2011, emitiuse unha segunda resolución pola que se prestaba conformidade as solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas ata o 11 de xullo de 2011, posteriormente aprobouse unha terceira resolución para prestar conformidade as validadas de forma correcta ata 11 de novembro de 2011 e unha cuarta resolución para prestar conformidade as validadas de forma correcta ata 15 de marzo de 2012.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5 A - 4º  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221 - 981 540 097  
Fax: 981 546 569 - 881 997 599  
Correo electrónico: dxal@xunta.es

galicia

Tramitadas novas solicitudes de adhesión telemáticas, procede agora prestar conformidade as validadas de forma correcta ata o 14-03-2013

Polo exposto;

En uso das competencias atribuídas e ao abeiro do disposto na cláusula décimo sétima do convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinado en data 13 de xullo de 2010 e o acordo da comisión de seguimento do mesmo de data 14.03.2013; **RESOLVO:**

**Primeiro.** – Prestar conformidade as seguintes solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas dende a cuarta resolución (que validou as solicitudes ata a data 15 de marzo de 2012) ata 14 de marzo de 2013, ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e que figuran no anexo unido a presente resolución.

**Segundo.** – Posteriormente deberá procederse á aplicación do establecido na cláusula décimo sétima do convenio e certificar pola secretaría da comisión de seguimento a conformidade ás entidades locais.

Santiago de Compostela, a 14 de marzo de 2013

O director xeral de Administración Local

  


José Norberto Uza Tresandi

## ANEXO: ENTIIDADES ADHERIDAS

TIPO DE ORGANIZACIÓN	ENTIDADE	PROVINCIA	ESTADO DE ADHESIÓN	RESOLUCIÓN
Concello	Concello de Carral	A Coruña	Validada	5ª
Concello	Concello de Coristanco	A Coruña	Validada	5ª
Concello	Concello da Pobra do Caramiñal	A Coruña	Validada	5ª
Mancomunidade	Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza	A Coruña	Validada	5ª
Mancomunidade	Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés	Lugo	Validada	5ª
Consortorio	Consortorio Local dos Peares	Lugo/Ourense	Validada	5ª
Concello	Concello do Grove	Pontevedra	Validada	5ª